

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

Subvencións ás asociacións sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos de Galicia (código procedemento CO300A)

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

Estas axudas teñen por obxecto a dinamización dos Centros Comerciais Abertos

3. TIPOS DE APOIO

Subvencións a fondo perdido en réxime de concorrencia non competitiva e suxeitas ao réxime de mínimos (non exceder límite de 200.000 euros en subvencións suxeitas a mínimos nun período de tres anos) As subvencións serán concedidas ata o esgotamento do crédito por prelación temporal

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

1) **As agrupacións de persoas físicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica, constituída para os únicos efectos de compartir a unidade xerencial prevista nesta Orde de convocatoria de axudas**, e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia

2) As Asociacións de comerciantes de carácter territorial, sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia, que leven a cabo proxectos de dinamización e incentivación do consumo de interese e transcendencia en **Centros Comerciais Abertos**.

En todo caso as **entidades beneficiarias deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos** na data de publicación desta Orde e estar ao día na obriga de aprobación das contas anuais pola xunta directiva nos dous últimos exercicios previos a esta orde de convocatoria.

Terán a **consideración de CCAs** as agrupacións de establecementos comerciais definidos no artigo 24 da Ley de Comercio de Galicia e deberán contar cunha Unidade Xerencial de xestión profesionalidade.

A **Unidade Xerencial** deberá ser contratada mediante un contrato laboral, sendo unha persoa física que desenvolverá funcións de xestión, contabilidade, dinamización comercial e información e asesoramento ás persoas comerciantes. En ningún caso poderá ser membro nin formar parte dos órganos de goberno da entidade asociativa solicitante ou de ningunha outra Asociacións ou Federación de comerciantes beneficiaria dalgunha das axudas postas en marcha pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo nos anos 2022 e 2023.

Ademáis o Centro Comercial deberá cumprir polo menos 5 dos 6 requisitos mínimos seguintes e en todo caso, o establecido na letra c:

- a) Esta situado en concellos cunha poboación superior aos 10.000 habitantes
- b) Dispoñer dun grao de concentración alto. E dicir, que no espazo en que se desenvolve, que en ningún caso poderá ser superior ao termo municipal, debe haber polo menos 100 comercios retalistas, asociados e non asociados
- c) Conta cun mínimo de 50 comercios retalistas asociados na súa delimitación territorial, que en ningún caso pode ser superior ao termo municipal
- d) Presentar unha diversidade de oferta comercial, con predominio da oferta especializada en equipamento persoal
- e) A delimitación do Centro Comercial Aberto deberá estar claramente definida e integrar os principais eixes comerciais da vila
- f) Os comercios retalistas asociados deben representar polo menos o 50% do número total de socios. Para estes efectos, teranse en conta os comercios incluídos no IAE establecidos no Anexo IX e os salóns de peiteado.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas en crise

5. SECTORES INCENTIVABLES

SECTOR COMERCIO

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

As actuacións serán subvencionables sempre e cando sexan realizadas e efectivamente pagadas dende o 1 de xaneiro do 2023 ata o 31 de outubro do 2023 (data límite para xustificar o investimento realizado subvencionable e presentar a documentación xustificativa que indica a Orde nos artigo 19 da Orde

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

Considéranse subvencionables os proxectos que teñan por finalidade acadar a dinamización e a revitalización dos Centros Comerciais Abertos a través das seguintes actuacións:

- **O Mantemento dos Marketplace**
- **A Dinamización Comercial**
- **A Fidelización da clientela**
- **A Unidade Xerencial**

O mantemento dos Markeplace cun investimento máximo subvencionable de 1.500 €, e deberán reunir as características técnicas e as condicións legais previstas no Anexo X e non estar integrados nunha plataforma conxunta ou compartida con outras entidades. A participación nos marketplace dos comercios asociados non suporá ningún custo adicional para estes.

A Dinamización Comercial desenvolvida no marco dun proxecto de incentivación do consumo en que os consumidores sexan os destinatarios finais:

- Campañas de promoción comercial en datas ou períodos sinalados
- Campañas de dinamización comercial na rúa con participación directa dos comercios asociados e das persoas consumidoras
- Organización de feiras de oportunidades ou eventos de promoción comercial

Os gastos subvencionables por campaña serán os seguintes:

- Os servizos profesionais externos para o deseño e a posta en marcha da campaña
- O aluguer dos medios técnicos (carpas e análogos, son e imaxe)
- Os seguros de responsabilidade civil derivados da campaña
- A publicidade nos medios de comunicación (prensa, radio e televisión) directamente vinculada coa campaña
- O material de promoción e difusión da campaña (cartelaría, folletos, vídeos e outro material promocional en liña e para as redes sociais)
- Os regalos promocionais cun investimento máximo subvencionable de 5.000 euros para o tramo a); 3.000 euros para o tramo b); e 1.500 euros para o tramo c, segundo o establecido nestas bases reguladoras. Os regalos promocionais deberán estar asociados a unha actividade concreta de dinamización e vinculados a unha venda.

Só serán subvencionables por este concepto, as campañas de dinamización que se realicen durante o período en que a Unidade Xerencial conte cunha persoa física contratada mediante contrato laboral

Fidelización da clientela:

- Loxística e-commerce: gastos de envío en liña realizados por empresas loxísticas externas desde os comercios asociados ata o domicilio da clientela. Os gastos de envío subvencionados non poderán repercutirse, en ningún caso, á clientela
- Tickets de aparcamento cun investimento máximo subvencionable de 10.000 euros. En todo caso, os tickets de aparcamento deben estar vinculados a unha venda.
- APP de fidelización (puntos de desconto e similares)

A Unidade Xerencial: Serán subvencionables os custos de persoal (salario e seguridade social) e de funcionamento das Unidades Xerenciais, que cumpran os requisitos da Orde, e sempre que sexa indispensables para a formulación, execución e seguemento do proxecto obxecto da subvención.

- Material de Oficina: Investimento máximo por este concepto de 1.250 euros
- Asesoría externa: Investimento máximo por este concepto de 1.250 euros
- Teléfono e Internet: Investimento máximo por este concepto 1.500 euros
- Dominio e mantemento da web do centro comercial aberto: 1.000 euros

Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, periciais e os gastos de garantía bancaria, poderán ser subvencionados se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta.

Non serán subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación; as actuacións ou os gastos asociados as actuacións, que non inclúan a publicidade do financiamento pola Xunta de Galicia; os investimentos non incluídos na solicitude; os gastos concertados con entidades ou persoas vinculadas ao persoal xestor ou de ser o caso, aos órganos directivos; as campañas de dinamización e promoción que teñan como única finalidade o patrocinio, a colaboración ou a axuda económica que comporten actividades lúdicas, turísticas ou de exaltación gastronómica, deportivas ou similares; os premios resultantes de sorteos ou de calquera combinación aleatoria; a realización de cócteles e actos análogos; as bolsas comerciais; a edición e publicación de revistas, xornais e medios análogos, en soporte físico ou dixital; os regalos promocionais que non leven a publicidade da Xunta de Galicia; a publicidade xenérica do CCA destinada á captación de asociados; os tickets de aparcamento en aparcadoiros públicos municipais; os seguros e os sistemas de alarma (instalación e mantemento); os cursos de formación e prevención de riscos laborais; as reformas, mantementos e gastos de comunidade de veciños; o material covid e as subscricións a calquera outro tipo de publicación; calquera outra axuda de custos e desprazamentos, agás no caso de cursos de formación dirixidos á unidade xerencial promovidos pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo; calquera outro gasto que non sexa indispensable nin estea directamente relacionado co obxecto da subención:

9. CONTÍA DAS AXUDAS

A porcentaxe da subvención acadará o 80 % dos investimentos máximos subvencionables, sen que en ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poida ser superior ao valor de mercado.

O investimento máximo subvencionable modúlase en tres tramos en función do número de comercios asociados incluídos nos IAE establecidos no anexo IX, incluídos os salóns de peiteados, segundo os datos obtidos da certificación e da intranet habilitada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo:

- a) **65.000,00 €** para os centros comerciais abertos que teñan 100 ou máis comercios asociados.
- b) **55.000,00 €** para os centros comerciais abertos que teñan entre 99 e 70 comercios asociados.

c) **40.000,00 €** para os centros comerciais abertos que teñan entre 69 e 50 comercios asociados.

Do investimento máximo subvencionable establecido para cada tramo destinarase un mínimo do 55 % para as actuacións recollidas nas letras a), b) e c) do número 1 do artigo 4 e un máximo do 45 % para as actuacións da letra d) do mesmo número (unidade xerencial) segundo a segregación que consta na Orde de convocatoria no artigo 5.3 das bases reguladoras.

En caso de incumprimento, instarase a entidade solicitante para que, no prazo de dez días, reformule a súa solicitude e axuste o investimento solicitado ao establecido nas bases reguladoras coa advertencia de que, de non facelo, se entenderá que desiste da súa solicitude.

No caso de que o investimento solicitado nas actuacións das letras a), b) e c) sexa diminuído porque algún dos gastos imputados non sexan subvencionables e non acade o mínimo do 55 %, a unidade xerencial reducirase proporcionalmente ata cumprir co máximo do 45 %

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O Prazo de presentación de solicitudes remata o **9 de Marzo do 2023**

A SOLICITUDE PODERÁ PRESENTARSE VÍA ELECTRÓNICA A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA (<https://sede.xunta.gal>)

Para a presentación telemática será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

11. INCOMPATIBILIDADES

O importe das subvencións reguladas nesta orde, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións, ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade subvencionada. As subvencións desta Orde serán incompatibles con calquera outra da mesma ou distinta Consellería para os mesmos conceptos subvencionables e a mesma persoa beneficiaria.

12. REFERENCIA LEXISLATIVA

Orde do 27 de decembro do 2022 (DOG 09/02/2023)

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

Páxina web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación,
<http://ceei.xunta.gal/portada>

Telf. contacto: **981 54 45 30 981 54 55 97**

cei.dxc.axudas@xunta.gal

14. OBSERVACIÓN

Os beneficiarios destas axudas deberán manter o investimento subvencionado por un prazo de 3 anos e cumprir as restantes obrigas dos artigos 16 e 17 das bases reguladoras da Orde de convocatoria destas axudas